

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Castelao, a Lois Tobío Fernández do 12/05/1944

Colección:

Data: 12/05/1944

De:

Castelao;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orix:

Belgrano, 2605, 7ºR (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Destino:

Dionisio Coronel, 116, Belvedere (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e sen membrete].



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Castelao, a Lois Tobío Fernández do 12/05/1944

Querido Tobío:

Velahi che van os dous documentos de que che falei. O artigo de Scrutator, anque vello, aínda ten intrés e cicais a ti che conveña conservalo para as teus estudos.

Denantes de saír de Montevideo fun ao Centro Republicano para despedirme. A xente amostrouse normal. Deixamos provisionalmente constituída unha delegación de Galeuzca.

Ao chegar a Bos Aires atopeime con algunhas novidades que delatan o avance impetuoso das novas ideas. Tamén me atopei cun artigo de Ossorio encol dos separatismos inzado de parvadas apañadas no Espasa, no que di, para empezar, que as lingoas romances eran tres: castelán, catalán e portugués....

Cheguei preñado de canto ti me dixeches. Certamente eu necesito de ti, porque xa non teño tempo de improvisar o camiño que nos leve ao exterior. Tampouco teño á miña veira quén me axude nos traballos, pero abundan e sobran os que me interrompen e confunden. Faime o favor de mandarme os esquemas que che pedín. Eso será ouro para min. Non te esquezas.

Con saúdos para a túa dona, meus e da miña.

Unha forte aperta do teu invariable amigo e irmán

Castelao [sinatura autógrafa]

Belgrano, 2605

Bos Aires, 12 de maio de 1944

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.